



Concello de Miño

Rúa da Carreira, 38 15630 Miño - A Coruña
981782058

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto.- Ampliación do prazo concedido inicialmente para canxear os vales outorgados na convocatoria de premios do entroido 2020

Antecedentes

- Providencia de inicio de expediente administrativo coa finalidade de aprobar a convocatoria pública de premios para o entroido mediante a celebración dun concurso de disfraces asinada polo Concellería delegada da área de educación, cultura, comunicación, participación cidadá, transparencia e igualdade en data 24.01.2020.
- Proposta do contido das bases reguladoras da citada convocatoria asinadas pola Concellería delegada en data 29.01.2020.
- Documento contable RC do gasto proposto asinado o 03.02.2020.
- Informe de fiscalización previa favorable á aprobación da convocatoria e do gasto que representa asinado en data de 07.02.2020 .
- Resolución de Alcaldía de data 10.02.2020 aprobando a citada convocatoria, dispoñendo a súa publicación e aprobando o gasto.
- Publicación do extracto da convocatoria no BOP nº 31 do 14.02.2020
- Acta do concurso de disfraces do entroido 2020 asinada o 22.02.2020.
- Proposta da Alcaldía de data 03.03.2020.
- Informe favorable da intervención municipal á proposta de concesión de data 04.03.2020.
- Resolución de Alcaldía de data 05.03.2020 aprobando a concesión dos premios así como conceder de prazo ata o 30 de abril para o canxe dos vales.

Fundamentos

- Visto que a Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 recolleu a suspensión de prazos administrativos nos seguintes termos:

1. Se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



Concello de Miño

Rúa da Carreira, 38 15630 Miño - A Coruña
981782058

- Visto que o artigo 9 do Real Decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 marzo, veu a establecer o levantamento da suspensión dos prazos administrativos con efectos do 1 de xuño de 2020 nos seguintes termos:

Artículo 9. Plazos administrativos suspendidos en virtud del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo. Con efectos desde el 1 de junio de 2020, el cómputo de los plazos administrativos que hubieran sido suspendidos se reanudará, o se reiniciará, si así se hubiera previsto en una norma con rango de ley aprobada durante la vigencia del estado de alarma y sus prórrogas.

Esta alcaldía, conforme aos antecedentes e fundamentos expostos, considera procedente conceder unha ampliación do prazo inicialmente outorgado para o canxe dos premios do entroido 2020 en tanto que o mesmo quedou suspendido automaticamente o pasado 14.03.2020 e teríase reiniciado automaticamente o pasado 01.06.2020, polo que en consideración ao recollido no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e ao abeiro das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro: Ampliar, conforme ao recollido no artigo 32 da LPAC, o prazo concedido inicialmente para o canxe dos vales outorgados na convocatoria de premios do entroido 2020 ata o vindeiro 31.07.2020.

Segundo: Que se proceda á publicación no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello www.concellodemino.gal.

Terceiro: Dar traslado da presente resolución á intervención municipal así como ó Pleno na próxima sesión que celebre.

En Miño, na data que figura á marxe
O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

O secretario acctal.

Ignacio Edreira Moreira